

**DISCURSO DO REITOR – Antonio López Díaz****SAN TOMÉ DE AQUINO 2025****Escola Politécnica Superior de Enxeñaría – 27.01.2025 – 12.00 h**

---

---

Vicerreitor de Organización académica e do Campus de Lugo, Vicerreitoras e Vicerreitores.

Secretaria Xeral, Prof. Rodriguez Soalleiro, Xerente da USC, Valedor da Comunidade universitaria. Delegada do Reitor para o Campus Terra, Delegada para o ensino medio, Delegada para a igualdade persoal Directivo da Universidade.

Decanas e Decanos, Directoras e Directores de Departamentos, Institutos e Centros de investigación, membros do Consello de Goberno e do Consello Social.

Concelleira do Concello de Lugo (Olga López Rocamonde), Vicepresidenta da Mesa do Parlamento (Elena Candiá), Secretario Xeral de Universidades (José Alberto Díaz de Castro), Deputado Provincial de Lugo (Pablo Rivera), Subdelegada do Goberno en Lugo (M<sup>ª</sup> Isabel Rodríguez), Delegado Territorial da Xunta (Javier Arias), Director Xeral de Planificación e Ordenación Forestal (José Luis Chan), Deputadas, Senador, Deputada Autonómica, Presidente da RAGC, Cónsul da República Dominicana, xerente da Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, Director Veterinario do Hospital Rof Codina,.

Autoridades civís e militares, membros das forzas e corpos de seguridade.

Profesorado, persoal de administración e servizos, estudantes, donas e señores.

Benvidas e benvidos, un ano máis, e grazas por acompañarnos neste acto de conmemoración de San Tomé como patrono das universidades, festividade que tradicionalmente celebramos aquí no Campus de Lugo. Por quenda rotatoria, acóllenos hoxe esta Escola Politécnica Superior de Enxeñaría que, xunto co colexio Universitario, as Escolas profesionais (aquí en Lugo existía unha Escola Normal de Maxisterio dende 1842, unha Escola profesional de Comercio dende 1945 e a Escola de Enxeñaría técnica agrícola dende 1963) e a Facultade de Veterinaria, constitúen os piares sobre os que se asenta a USC aquí en Lugo.

Esta Escola Politécnica Superior de Enxeñaría foi creada en 1993 incorporando, ademais da Escola Universitaria de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas, as Escolas técnicas Superiores de Enxeñeiros Agrónomos e de Montes creadas en 1989 e 1991, respectivamente. Engadíanse, deste xeito, os estudos relacionados co sector agrícola e forestal á oferta formativa do Campus, sendo estes pezas esenciais da conformación do Campus Terra como Campus de Especialización.

Por esa mesma quenda rotatoria, correspondeulle ao Prof. Rodríguez Soalleiro asumir a lección maxistral que vimos de escoitar neste acto académico. Ademais de agradecerlle a súa disposición incondicional para asumir esta responsabilidade, quero trasladarlle a felicitación que fago en nome de todos por ter escollido a silvicultura de carballos e castiñeiros como tema da súa disertación. Comparto plenamente as razóns expostas para a elección deste tema. Por unha banda, a conveniencia de difundir cara a sociedade estes coñecementos, pero moi especialmente esa visión de que a Universidade, sobre todo na súa vertente das ensinanzas técnicas ou de enxeñaría, aparte da súa actividade docente e investigadora, debe xerar alternativas, neste caso de xestión do territorio, que teñan unha posibilidade de aplicación a nivel local. Esta é a esencia da transferencia do coñecemento que se nos está demandando cada vez con maior intensidade. Velaquí un exemplo claro de como o coñecemento e a investigación en silvicultura pode proxectarse e incidir no territorio, na rendibilidade e na sustentabilidade e, en definitiva, na mellora das condicións de vida da sociedade, cunha atención ademais á realidade máis próxima. Parabéns e

anímoo a seguir traballando nesa liña de colaboración con axentes públicos e privados. Facer que o coñecemento sexa útil é unha das mellores formas de facer Universidade.

Tal día como hoxe, pero no ano 2022, dabamos conta do recoñecemento, coa máxima cualificación, do Campus Terra como campus de especialización por un período de catro anos. O protocolo inicialmente asinado, e o posterior convenio coa Xunta de Galicia, deseñaron todo un plan de actuacións que miraba pola consolidación do Campus Terra tanto na docencia como na investigación e na transferencia do coñecemento marcando uns retos ambiciosos que se concretaban nos seguintes obxectivos:

Incrementar o número de estudantes nun 10 % no prazo de dous anos nas titulacións da especialización.

Aumentar as teses defendidas no campus nun 15 %.

Impulsar os contratados predoutorais nun 100 % e os posdoutorais nun 80 % sendo conscientes de que deben ser o paso inicial para o relevo xeracional.

Afianzamento das estruturas e grupos de investigación mediante a redución da atomización dos grupos, especialmente daqueles que non contaran con persoal predoutoral ou posdoutoral,.

Mellorar os resultados da produción científica incrementando as publicacións en revistas indexadas nun 5 % en 2 anos e nun 10 % en catro anos.

Hoxe, tres anos despois, e cando encaramos o último ano dese plan de actuación, pero tamén cando se pon en marcha o proceso de reacreditación do Campus Terra como campus de especialización, cómpre render contas dos resultados acadados e trazar tamén o plan de actuación para o vindeiro cuatrienio 2026-2029.

Ao longo destes anos, contando cun financiamento específico de 4 millóns achegado pola Xunta de Galicia a razón dun millón de euros cada ano,

sumando o traballo de todas as persoas que conforman a comunidade universitaria do Campus Terra, facendo valer o apoio institucional do Concello de Lugo e, moi particularmente, da Deputación Provincial, fomos quen de avanzar decididamente na súa consolidación como Campus de especialización. Permítanme salientar algúns datos.

A especialización de Campus Terra contempla unha oferta académica actualmente composta por 22 titulacións (12 graos e 10 másteres), todas elas vinculadas ás súas liñas de especialización en maior ou menor grao, ademais de 6 programas de doutoramento.

Dentro da oferta docente do Campus, destacan especialmente nesta etapa a implantación do Grao en Bioquímica no curso académico 2020/21, o Grao aberto “USC Enxeñaría” e o desenvolvemento das titulacións recentes dos Graos en Robótica, Empresa e Tecnoloxía e Xestión Cultural como ofertas creadas a partir das demandas e necesidades do tecido produtivo e da sociedade en xeral. Cómpre mencionar tamén a recente posta en marcha do Máster en Biociencias Moleculares (curso académico 2024/25), que dá continuidade á formación impartida no Grao de Bioquímica.

É de destacar que, no seu conxunto, tense producido unha evolución positiva en canto ao estudantado de primeira matrícula no Campus Terra. Un exemplo disto é o caso do Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria, no cal a matrícula incrementouse nun 35%. Tamén aumentou de forma importante o número de estudantado internacional (nun 89% entre ambos os bienios para graos e nun 60% para máster).

Nas primeiras matrículas, no conxunto das titulacións do Campus de Lugo, a evolución apreciada nos últimos 6 anos (dende o curso académico 2018-2019 ata este 2024-2025) tense producido un incremento do 41%, pasando de 621 a 876 estudantes de primeira matrícula. Este aumento permitiu situar o estudantado total arredor dos 4.300 para o conxunto do campus, recuperando unha cifra similar a que había 10 anos atrás que, como é lóxico, seguirá aumentando a media que os incrementos nas primeiras matrículas vaian progresando nos sucesivos cursos de cada titulación.

Pero este éxito non pode medirse só en número de estudantes por moi

importantes que estes sexan, senón que require ter en conta outros indicadores da calidade, e, permítanme así resaltar a distinción do Grao en Veterinaria como grao de excelencia, sendo o primeiro e o único polo momento da Universidade de Santiago de Compostela, que recoñece por un período de 6 anos o compromiso coa calidade e coa proxección social de tales estudos. Estou seguro de que, seguindo este exemplo pioneiro, outras titulacións, tanto de Compostela, como deste campus de Lugo, chegarán a incorporarse a este club distinguido en vindeiras convocatorias.

No que atinxe á investigación, Campus Terra está formado por un total de 46 grupos, 34 do campus de Lugo e 12 grupos bi-campus (no que teñen presenza investigadores do Campus Terra pero con sede en Santiago). Dos asentados en Lugo, 18 son grupos consolidados (sendo 13 de Referencia Competitiva e 5 de Potencial en Crecemento). Neste período racionalizouse a estrutura de grupos, particularmente os que non contaban con contratos pre ou posdoutorais, reducíndose este indicador en 27 puntos (do 44 ao 17,4 %).

Tamén aquí merece a pena salientarse o relevante posicionamento nacional e internacional da investigación realizada. No esixente ranking de Shanghai, a investigación feita dende a nosa Universidade sobresaí en quince ámbitos temáticos. Salientando os que teñen unha relación máis especial con este Campus Terra no que nos atopamos, debemos mencionar a investigación en Veterinaria, que se sitúa entre os postos 51-75 a nivel mundial e 4-5 no ámbito estatal; en Ciencias Farmacéuticas (76-100 mundial, 1-2 no estado); Ciencias Ambientais e Enxeñaría entre o 100-200; e entre o posto 201-300 figuran as investigacións Agrícolas, a relacionada coa Tecnoloxía dos Alimentos e a relativa á Administración de Empresas. Aínda coa relatividade que é propia a todos os rankings, é un magnífico indicativo da calidade da investigación feita dende aquí. Por todo iso non é casualidade que dende este Campus se coordine o paquete de traballo 8, investigación, innovación e emprendemento responsable, para a alianza universitaria EUNIWEL, na que está integrada a USC.

Outro eixe importante da investigación ten que ver coa estruturalización da mesma a través da creación e consolidación de centros de investigación que

podan levar a cabo con éxito as súas axendas científicas neste novo contexto xurdido da Lei da Ciencia.

40 investigadores dalgúns destes grupos están adscritos ao Instituto Universitario de Investigación IBADER (Instituto de Biodiversidade e Desenvolvemento Rural) que foi creado no ano 2001 e que reforzou a súa capacidade coa incorporación de novos investigadores aliñando a súa investigación en dous eixes: Ambiental (Biodiversidade, Planificación e Ordenación do Territorio, Desenvolvemento Ruiral, Economía Sostible, Sistemas de Información Xeográfica, Observación Remota) e Agrosistemas (Recursos Agrícolas, Gandeiros e Forestais, Solos, Auga, Residuos), aos que se engade a xestión da Estación Científica do Courel, destinada a apoiar a investigación e a docencia en todas aquelas áreas relacionadas coa montaña galega.

Tamén o Campus Terra dispón doutra infraestrutura destacable como é o Centro de Biomedicina e Veterinaria (CEBIOVET), que apoia o progreso das ciencias Veterinarias e Biomédicas e cuxo obxectivo principal é xerar novas liñas de investigación no ámbito dos medianos e grandes animais.

Adicionalmente, cómpre sinalar que neste período 22-25 un 54% dos fondos foron investidos en potenciar a carreira investigadora o que se materializou en:

89 bolsas de iniciación á investigación en 4 anos.

12 contratos predoutorais con duración de 3 anos e as súas estancias externas correspondentes.

4 contratos posdoutorais para 3 anos.

Financiamento adicional para contratos Ramón e Cajal.

20 proxectos colaborativos (liderados por mozos/as investigadores/as nos dous últimos anos) e outras actividades.

Como se pode ver, os obxectivos eran ambiciosos, pero, á vista dos datos, os resultados poden considerarse moi satisfactorios. Satisfacción si, pero ningunha autocompranza porque seguimos tendo importantes retos de

futuro que van marcar a evolución do Campus nos vindeiros anos e que, en boa medida, conforman o Programa estratéxico para período 2026-2029 que vimos de aprobar e de someter á consideración do Comité Avaliador.

Se atendemos ao futuro da oferta formativa que se imparte neste Campus de Lugo, a aposta da Universidade vai orientada nas seguintes liñas:

En primeiro lugar, imos garantir a continuidade das titulacións que son centrais na configuración do Campus Terra como campus de especialización e que teñen unha especial importancia nesta Escola. Nesta liña, logo do traballo feito polo grupo creado para este fin, trasladáronse as propostas á Consellería e estamos na fase de elaboración dunha nova normativa que substitúa o Decreto 222/2011, particularmente no que ten que ver co número mínimo de estudantes por titulación, en especial nos campus periféricos. Asumindo que a racionalidade no uso dos recursos públicos require algunhas limitacións, consideramos que ademais do número de estudantes deben valorarse outros elementos como a empregabilidade dos egresados ou a súa importancia para o tecido empresarial máis próximo.

Ao mesmo tempo, como xa sinalaba no meu discurso do ano pasado, temos que traballar todos proactivamente, porque fronte a tentación de non cambiar nada, o que non é unha opción, debe prevalecer a indagación de novas titulacións que nos aliñen co interese dos futuros estudantes e tamén coas oportunidades de emprego, tanto no sector público como no privado. Así, de forma mais inmediata, está planificada a ampliación da oferta docente con dous novos másteres propostos pola EPSE. Un, o Máster Interuniversitario de Vehículos autónomos (USC, UVigo, UDC) e outro, o Máster en Enxeñaría da Paisaxe, infraestruturas verdes e transición rural, que entrarían en vigor no curso académico 2026-2027. Igualmente exploraranse as posibilidades da posta en marcha no Campus de estruturas curriculares específicas tales como titulacións con mención dual ou as dobre titulacións con universidades estranxeiras.

Teremos, ademais, que seguir indagando en novas titulacións, tamén no nivel de grao, que reforcen a especialización do campus e a súa conexión coas necesidades do tecido produtivo.

Pero a oferta docente ten que abordar tamén a necesidade de formación ao longo da vida abrindo o foco para atender a formación de persoas de 25 a 65 anos, é dicir, mais aló das idades tipicamente universitarias. Esta opción debe converterse en estratéxica para poder afrontar o descenso demográfico que se acentuará co final desta década. Xorden aquí as microcredenciais como unha grande oportunidade na que estamos a traballar nun acordo coa Consellería de Educación que nos permita beneficiarnos do programa de axudas previsto a nivel estatal para esta modalidade de formación.

Pensamos que tamén é o momento de abordar a integración na estrutura de centros propios da Universidade de centros adscritos que imparten títulos oficiais baixo a cobertura da Universidade. Estoume a referir aos Graos de Enfermería e Relacións Laborais neste campus de Lugo, e Traballo Social no campus de Compostela.

No que afecta a Lugo, pensamos que esta integración é a mellor fórmula para asegurar a continuidade da impartición deses Graos neste Campus, xa que nos permite superar as graves dificultades que xorden cada vez que se aborda unha re acreditación deses títulos, como xa tivemos ocasión de experimentar. Ademais diso permitiría que o estudantado destes títulos pasase a formar parte da comunidade universitaria a todos os efectos, beneficiándose, entre outras circunstancias, do réxime de prezos públicos aplicables aos títulos impartidos por centros propios da Universidade que, como sabemos, gozan con carácter xeral dunha bonificación do 99 % e que non se aplica aos centros adscritos. Loxicamente teremos que traballar coas distintas institucións implicadas para acadar o acordo preciso para formalizar tales integracións.

Se da formación pasamos á investigación, o centro que se está proxectando na “saúde global” deberá estar aprobado a inicios do segundo semestre de 2025, o cal estará centrado na interacción entre o medio ambiente, a saúde animal e a das persoas, abarcando tres liñas de acción:

1. Riscos ambientais.
2. Enfermidades emerxentes de orixe animal.

### 3. Alimentación, Nutrición Humana e Seguridade Alimentaria.

Esta temática constitúe un paraugas axeitado para acoller gran parte da especialización de Campus Terra en áreas nas que a investigación é punteira, integrando ademais aos grupos de investigación que estaban vinculados á agrupación estratéxica BioReDes, tal e como recomendou no seu día o Comité de Avaliador do campus de especialización.

A posta en marcha deste centro debéranos levar á acreditación do mesmo no marco da vindeira convocatoria da Xunta para o SUG, que se agarda para o ano 2028, converténdose así nun referente da investigación neste ámbito ao tempo que se lle dotaría dun financiamento basal para o logro dos seus obxectivos.

A consolidación das estruturas de investigación xa existentes e a incorporación do novo centro permitirannos posicionar o Campus e avanzar no logro de obxectivos estratéxicos como:

Avanzar na visión transversal e interdisciplinar, enfoque que precisan os grandes problemas para a súa resolución de forma efectiva.

Multiplicar as posibilidades de captación de recursos, tanto públicos como privados.

Dotarnos de persoal investigador e técnico ou de xestión con vocación de permanencia tal como esixe agora a normativa laboral.

Asegurar a competitividade nacional e internacional, así como a mellora dos resultados da investigación e a súa transferencia ao sector produtivo.

Con estas e outras medidas non buscamos senón fortalecer o Campus Terra e, en definitiva, apostar pola Universidade en Lugo convencidos de que é o mellor para a USC, pero que tamén achega importantes beneficios para a provincia e para Galicia no seu conxunto. Máis aló dos beneficios sociais, ligados claramente á formación en igualdade de oportunidades co efecto de ascensor social que sigue xerando, cómpre insistir tamén na importancia para o tecido produtivo a través da transferencia, sobre todo cando hai unha conexión tan estreita entre o perfil da Universidade e os axentes

económicos como a que aquí temos. Na medida en que estamos empregando recursos públicos polos que temos que competir fronte a outras necesidades, é importante salientar o impacto económico (sexo directo, indirecto ou inducido) que se deriva da actividade universitaria no seu conxunto. Un moi recente estudo dos profesores Roberto Bande Ramudo e Diana Fernández Méndez pon de manifesto que o impacto total do Campus Terra sobre o valor total da produción provincial supera os 75 millóns de euros, tendo un efecto multiplicador do 1,92. Ademais, en termos de creación de emprego ten un impacto de 878 postos, datos por outra banda moi similares aos obtidos con esta metodoloxía para outras Universidades. Cabe, pois, afirmar que, ademais de todos os restantes efectos beneficiosos, investir en Universidade, neste caso investir no Campus Terra en Lugo, é rendible economicamente e en termos de emprego, o que, ademais de lexitimar as demandas nosas, xustifica as decisións das institucións públicas que decidiron e deciden cada día apostar pola Universidade.

....

Remato xa. Neste ano no que celebramos o 75º aniversario do pasamento de Castelao é tamén o momento para, dende a USC, a única existente naquela época e na que el estudou, recoller o facho de luz que nos deixou e tratar de facer realidade cada día a visión que el tiña da nosa Alma Mater e que deixou recollida en Sempre en Galiza, no libro primeiro, capítulo XXXIII:

Vexo a Universidade de Sant-Iago convertida en cerebro de Galiza/ irradiando cultura e saber mais alá dos lindeiros naturais da nosa Terra”/

Que así sexa.

DIXEN